

1. IDENTIFICACIÓN					
Título da UD	«O Camiño de Santiago».				
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA	Área	Educación artística (Educación Musical).	Nivel	6º
Mestres	Educación Musical. Ciencias Sociais. Valores Sociais e Cívicos. Lingua Galega e Literatura.				
Centro de interese	Fin de curso		Proxecto	«Peregrinando a Compostela».	
Descrición					
<p>Nesta unidade o alumnado vai tocar con toda a orquestra escolar, voz e frautas; cantarán sobre soportes diversos e se achegarán ao significado do Camiño como eixe vertebrador da nosa cultura e de Europa.</p> <p>Investigarán sobre os Coros Galegos e recollerán repertorio folclórico de tipo diverso, con atención aos cantos festivos.</p> <p>Finalmente, farán unha saída didáctica e, despois, realizarán unha exposición con todo o material recollido, que será subido ao blog do centro, deixando o enlace ás familias e ao resto da comunidade educativa.</p>					
Xustificación					
<p>Baseándonos nos Ciclos Anuais trataremos nesta unidade a festividade de San Xoán e os cantos que lle acompañan, con atención aos de labor, dada a proximidade do verano, así como aos cantos festivos propios das nosas festas e romarías. Enmarcaremos o Ciclo de San Xoán coa fin de curso e unha saída didáctica a Santiago, para ver os instrumentos do Pórtico da Gloria.</p>					
Contexto					
<p>O Camiño de Santiago ten unha longa tradición que, debido á proximidade ou ao descoñecemento, non é recoñecido polo noso alumnado como debería. Esta unidade pretende darllo a coñecer ao mesmo tempo que pecha a materia de Música nesta etapa. O achegamento madurativo cara a un pensamento formal axuda ao alumnado a encarar novas metodoloxías activas que desenvolverá na Educación Secundaria Obrigatoria, nas que se fai preciso un pensamento formal e abstracto.</p>					



2. CONCRECIÓN CURRICULAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comptn.
EDUCACIÓN MUSICAL				
BLOQUE 1. ESCOITA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Audición activa de música contemporánea, investigación e valoración das posibilidades do son. ▪ B1.2 Identificación e apreciación das calidades dos sons da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3 Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. ▪ B1.4 Identificación a través da escoita de tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. ▪ B1.5 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas especialmente a galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6 Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC



<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7 Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións musicais. ▪ B1.8 Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. 	<p>o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1 Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. ▪ B2.2 Identificación de diferentes rexistros da voz: soprano, contralto, tenor e baixo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ d/a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3 Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. ▪ B2.4 Recoñecemento de distintos tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais e rexistros da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5 Utilización das grafías convencionais na lectura, escritura e interpretación das cancións e de pezas instrumentais sinxelas. ▪ B2.6 Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e análise posterior. ▪ B2.7 Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final. ▪ B2.8 Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo. 	dos demais como á persoa que asume a dirección.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6 Aмосa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias Sociais. ▪ B1.2 Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1 1.1 Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD
--	--	---	---	---



<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3 Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2 Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias Sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1 2.1 Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (Internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1 2.2 Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 4. A PEGADA DO TEMPO				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Noso patrimonio histórico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.12 Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4. 4.2 Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos aporta para o coñecemento do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.13 Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e disfrute. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5 Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4. 5.1 Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA



		actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	<ul style="list-style-type: none"> CSB4. 5.2 Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
--	--	--	---	--

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC

LINGUA GALEGA E LITERATURA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR



<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10 Expresión e produción de textos orais segundo o seu tipoloxía: narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9 Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos: narrativos, descritivos, argumentativos expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.2 Recordar algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e expresalas oralmente en resposta a preguntas directas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ BLOQUE 2. COMUNICACIÓN EXCRITA: LER 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3 Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo o seu tipoloxía. ▪ B2.4 Audición de diferentes tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2 Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.1 Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos a partir da lectura dun texto en voz alta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.2 Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8 Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5 Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB5.5.1 Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC



ELEMENTOS TRANSVERSAIS																
Comprensión lectora	Expresión oral e escrita	TIC	Educación cívica e constitucional	Inclusión de persoas con discapacidade	Igualdade efectiva entre homes e mulleres	Desenvolvemento sostible e medio ambiente	Resolución de conflitos	Educación e seguridade viaria	Creatividade	Autonomía	Iniciativa	Traballo en equipo	Confianza en un mesmo	Sentido crítico	Educación para o lecer	Educación do consumidor
X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X



Tarefa. Saída didáctica a Santiago de Compostela.

1ª Sesión

Actividade ¹	Exercicio	Observacións
AIM. Coa letra escrita ou proxectada no encerado, escoitar a versión do «Canto das chirimías».	<p>Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor.</p> <p>Recoñecer o tipo de agrupación e a tipoloxía dos instrumentos empregados.</p> <p>Apreciar a forma binaria da peza.</p>	<p>Enlace</p>
AD. Aprender a letra da canción.	<p>Identificar a rima e a métrica.</p> <p>Recoñecer a estrutura do texto.</p> <p>Declamalo con intencionalidade.</p> <p>Establecer a prosodia sobre o esquema rítmico da peza.</p>	<p>Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria.</p> <p>Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis rítmica e poética.</p>
AD. Aprender a melodía cantada do «Canto das chirimías» coa voz por fragmentos.	<p>Interiorizar a medida considerando a prosodia anteriormente realizada.</p>	<p>Atender as inflexións do texto e á súa intencionalidade.</p>
ARF. Divididos en grupos (mentores) practicar la canción.	<p>Manter o ton no que se realizará o arranxo completo (ODE) empregando como referencia un instrumento de láminas para dar as primeiras notas.</p>	<p>Se non houbera alumnado mentor distribuír o resto en grupos de titoría entre pares de nivel medio e heteroxéneo o resto cunha máis directa supervisión do profesorado.</p>

¹ AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).



AD. Interpretar a canción <i>a capella</i> ou co acompañamento do profesorado.	Realizar exercicios de impostación vocal, respiración e emisión previa.	Asumir a postura corporal precisa ante os exercicios de técnica vocal.
AD. escoitar a versión instrumental do «Canto das chirimías » para grupo instrumental escolar no ODE do curso.	Seguir a parte de cada instrumento conxuntamente. Separar o fraseo relacionándoo co timbre. Apreciar a forma, máis a existencia de introdución e coda.	Para a lectura empregárase a base de proporcionada (ODE), para entender o armazón musical, a forma e características, dada a dificultade da peza.
AA. Repartir os materiais e distribuír os grupos para a actividade de recollida de cantos de labor, San Xoán e foliadas.	Lembrar os apuntes explicativos. Incidir en la importancia de la gravación das pezas recollidas, empregando diferentes formatos e medios dixitais (tablet, móvil, gravadora, IPOD...).	Adequar os materiais entregados no curso ao nivel do alumnado, a contorna do centro o ás inquiredanzas do profesorado.

2ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AIM. Establecer unha quenda de intervencións das coordinacións de cada grupo sobre o traballo desenvolvido.	Respectar a quenda de intervencións. Empregar argumentos e vocabulario axeitado.	Precisaremos un seguimento do traballo desenvolvido máis aló do horario de clase, polo que interesa escoller as coordinacións segundo as posibilidades de contacto coa docencia empregando as TIC.
ACP. Cantar o «Canto das chirimías» sobre a gravación da Coral de Ruada ou ben sobre o acompañamento do profesorado.	Marcar o pulso simultaneamente.	Coidar a técnica vocal e a dicción.



AD. Tocar cos instrumentos a parte instrumental de «Canto das chirimías».		Apoiarse nos ODE do curso. Comprender a relación existente entre os diversos instrumentos, montando a peza por partes.
AA. Continuar coa actividade de recollida de cantos de labor, San Xoán e foliadas.	Atender os aspectos que non teñan sido ben desenvolvidos na sesión anterior.	Aínda que hai moitas na rede, propoñemos as seguintes, en relación ás foliadas, de procura doada (gravacións en Spotify. Algunhas agrupacións das existentes na actualidade teñen páxina web): Aires da Terra, primeiro Coro Galego en gravar. Coral De Ruada. Coro centenario de Ourense, activo hoxe. Cántigas da Terra. Coro centenario da Coruña, activo hoxe. Cantigas e Agarimos (durante anos, Agrupación Rosalía de Castro. Coro de Santiago de Compostela, activo hoxe. Toxos e Froles. Coro centenario de Ferrol, activo hoxe. Orfeón Mariñeiro do Berbés (Vigo). Coro Aimil (Xinzo de Limia). Coro Cantares do Brión (Vincios). Aires de Bergantiños (Carballo).

3ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AIM. Establecer unha quenda de intervencións das coordinacións de cada grupo sobre o traballo desenvolvido.	Respectar a quenda de intervencións. Empregar argumentos e vocabulario axeitado. Pechar esta parte do traballo.	Precisaremos un seguimento do traballo desenvolvido máis aló do horario de clase, polo que interesa escoller as coordinacións segundo as posibilidades de contacto coa docencia empregando as TIC.
ACP. Cantar o «Canto das chirimías» sobre a gravación da Coral de Ruada ou ben sobre o acompañamento do profesorado.	Marcar o pulso simultaneamente.	Coidar a técnica vocal e a dicción.



AD. Tocar cos instrumentos a parte instrumental do «Canto das chirimías».		Apoiarse nos ODE do curso. Comprender a relación existente entre os diversos instrumentos, montando a peza por partes.
AA. Rematar coa actividade de recollida de cantos de labor, San Xoán e foliadas.	Recoller os materiais recompilados (informacións, gravacións de audio e vídeo, enlaces...).	Preparar o profesorado, coa posible axuda de discentes concretos, o material para subilo ao blog do centro.

4ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AIM. escoitar <i>Dum Pater Familias</i> , coñecido como <i>Ultreia</i> , do Códice Calixtino.	Seguir a audición no encerado, sexa de letra ou de letra e música.	Como actividade alternativa, propónse a musicalización da peza co instrumental Orff da aula (sobre re eólico, con acompañamento de I-VII-I), con canto engadido. Neste caso, pódese considerar a existencia dunha segunda voz, sobre as fundamentais deses graos. Recoméndase a versión do New London Consort, dirixido por Philip Pickett, en <i>The Pilgrimage To Santiago</i> . Pódense atopar outras moitas na rede.
AD. Explicarlle o profesorado o sentido desta peza.	Contextualizar co significado do Camiño, as diversas rutas existentes, incidindo na que pasa pola súa zona ou máis próxima.	
AD. Interpretar conxuntamente a parte vocal e instrumental do «Canto das chirimías».		Apoiarse nos ODE do curso se é moi difícil. É factible interpretar só a parte vocal con apoio harmónico do profesorado, só a parte instrumental co apoio dos ODE do curso, ou ambas.



AD. Falar do Camiño de Santiago e todo o que supón.		
AA. Recompilar información sobre o Camiño que subir ao blog do centro.		

5ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
Actividade Complementaria. Facer a saída a Santiago de Compostela para ver o Pórtico da Gloria.	<p>Explicar os instrumentos alí representados.</p> <p>Pasear pola zona antiga e descubrir a importancia desta cidade, Patrimonio da Humanidade.</p> <p>Poden preparar previamente o que significa o Pórtico, partindo das teorías de Antonio López Ferreiro (e as tres igrexas), Rafael Silva Dieste (o Pórtico da Alianza) ou Serafín Moralejo (sobre a súa relación co drama litúrxico <i>Ordo Prophetarum</i>).</p>	<p>Como actividades alternativas, propónse a visita:</p> <p>Ao resto da Catedral: portadas, triforio, tellados, capelas...</p> <p>Ao Museo da Catedral, para ver o <i>Códice Calixtino</i>.</p> <p>Ao Palacio de Xelmírez, para ver os instrumentos representados e introducir ao alumnado no coñecemento desta importante figura da Historia de Galicia.</p> <p>Ao Museo das Peregrinacións, para seguir nas maquetas alí expostas o proceso de construción da Catedral.</p> <p>Ao Parlamento de Galicia.</p> <p>A outros monumentos da cidade (Santa María Salomé, San Martín Pinario, San Fiz, o Seminario...) e prazas e rúas (do Franco, Algalias, Toral, Nova, do Vilar, Entrerrúas...).</p>



3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMIENTO ⁵	MODELO ENSINO-APRENDIZAXE ⁴	INTELIXENCIAS MÚLTIPLES ³	AGRUPAMENTO ²	RECURSOS DIDÁCTICOS	TMP.
AIM. Coa letra escrita ou proxectada no encerado, escoitar a versión do «Canto das chirimías».	Reflexivo. Percepción.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Música mp3.	5'
AD. Aprender a letra da canción.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	5'
AD. Aprender a melodía do «Canto das chirimías» coa voz por fragmentos.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Lingüístico-verbal.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	5'

² Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.

³ Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.

⁴ Condutual-instrutivo. Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.

⁵ Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.



ARF. Divididos en grupos (mentores) practicar la canción.	Práctico. Aplicación.	Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal.	Grupo pequeno. Mentores.	Partituras.	7'
AD. Interpretar a canción <i>a capella</i> ou co acompañamento do profesorado.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	5'
AD. escoitar a versión instrumental do «Canto das chirimías» para grupo instrumental escolar no ODE do curso.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-construtivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AA. Repartir os materias e distribuír os grupos para a actividade de recollida de cantos de labor, San Xoán e foliadas.	Analítico. Sistémico. Investigación. Análise.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Lingüístico. Proxectivo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal	Grupos. Grupo de interese.	Materiais de recollida e fichado. Lecturas guiadas.	8'
AIM. Establecer unha quenda de intervencións das coordinacións de cada grupo sobre o traballo desenvolvido.	Analítico. Investigación. Síntese. Avaliación.	Cognitivo-construtivo. Persoal-individual. Social-cooperativo. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupos. Grupo de interese.	Actividade de discusión.	10'



ACP. Cantar o «Canto das chirimías» sobre a gravación da Coral De Ruada ou ben sobre o acompañamento do profesorado.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AD. Tocar cos instrumentos a parte instrumental do «Canto das chirimías».	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	25'
AA. Continuar coa actividades de recollida de cantos de labor, San Xoán e foliadas.	Analítico. Sistémico. Investigación. Análise.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo. Lingüístico. Proxectivo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal	Grupos. Grupo de interese.	Materiais de recollida e fichado. Lecturas guiadas.	-
AIM. Establecer unha quenda de intervencións das coordinacións de cada grupo sobre o traballo desenvolvido.	Analítico. Investigación. Síntese. Avaliación.	Cognitivo-constructivo. Persoal-individual. Social-cooperativo. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupos. Grupo de interese.	Actividade de discusión.	7'
ACP. Cantar o «Canto das chirimías» sobre a gravación da Coral De Ruada ou ben sobre o	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	8'



acompañamento do profesorado.						
AD. Tocar cos instrumentos a parte instrumental do «Canto das chirimías».	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	20'
AA. Rematar coa actividades de recollida de cantos de labor, San Xoán e foliadas.	Analítico. Sistémico. Investigación. Análise.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Lingüístico. Proxectivo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal	Grupos. Grupo de interese.	Materiais de recollida e fichado. Lecturas guiadas.	10'
AIM. escoitar <i>Dum Pater Familias</i> , coñecido como <i>Ultreia</i> , do Códice Calixtino.	Reflexivo. Percepción.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Música mp3.	5'
AD. Explicar o profesorado o sentido desta peza.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-construtivo.	Lingüístico-verbal. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Proxeccións. Láminas. Lecturas guiadas.	10'
AD. Interpretar conxuntamente a parte vocal e instrumental do «Canto das chirimías».	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	20'



AD. Falar do Camiño de Santiago e todo o que supón.	Práctico. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Lingüístico-verbal.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	10'
AA. Recompilar información sobre o Camiño que subir ao blog do centro.	Analítico. Sistémico. Investigación. Análise.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Lingüístico. Proxectivo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal	Grupos. Grupo de interese.	Materiais de recollida e fichado. Lecturas guiadas.	-
Activid. Complementaria. Facer a saída a Santiago de Compostela para ver o Pórtico da Gloria.	Analítico. Comprensión. Análise.	Cognitivo-construtivo. Persoal-individual. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical. Intrapersoal.	Individual.	Música. Vídeos. Internet.	-



4. AVALIACIÓN

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Aspectos a observar para a avaliación	Competencias Clave	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Argumentos coherentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<p>Observación/Diario de clase.</p> <p>Diario anecdótico.</p> <p>Rúbricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Observacións orixinais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	<p>Debate.</p> <p>Registro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Observacións orixinais.</p> <p>Control do ritmo.</p> <p>Acompañamentos básicos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	<p>Método de casos/Diario de clase.</p> <p>Debate/Lista de cotexo.</p> <p>Rúbricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<p>Escoita atenta.</p> <p>Respecto aos demais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	<p>Observación/Diario de clase.</p> <p>Rúbricas.</p>



<p>musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. 	<p>Argumentos coherentes. Criterios de procura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	<p>Seguimento/Portafolio.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. 	<p>Argumentos coherentes. Escoita atenta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<p>Seguimento/Portafolio.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. 	<p>Recoñecemento dos elementos. Reprodución exacta.</p>	<p>CCEC</p>	<p>Observación/Diario de clase. Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. 	<p>Precisión rítmica. Aproximación interválica e melódica.</p>	<p>CCEC</p>	<p>Observación/Diario de clase. Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento 	<p>Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	<p>Observación/Diario de clase. Diario anecdótico. Rúbricas.</p>



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. 	<p>Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	<p>Observación/Diario de clase. Diario anecdótico. Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6 Aмосa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo 	<p>Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<p>Observación/Diario de clase. Diario anecdótico.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. 	<p>Vocabulario técnico axeitado. Interese por mellorar. Actitude construtiva. Concreción nas apreciacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<p>Método de casos. Proxectos. Observación/Diario de clase. Rúbricas.</p>



RÚBRICA						
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores				Comp. clave
		A	B	C (mínimo)	D	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. 	Identifica, clasifica e describe, empregando unha linguaxe técnica precisa, e informa das particularidades e situación das calidades dos sons da contorna natural e social.	Identifica, clasifica e describe, cunha linguaxe técnica precisa, e informa das calidades dos sons da contorna natural e social.	Identifica, clasifica e describe, utilizando unha linguaxe técnica precisa, as calidades dos sons da contorna natural e social.	Identifica algunhas calidades dos sons da contorna natural e social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. 	Distingue tipos de voces e instrumentos, e identifica, describe e sitúa exactamente as variacións agónicas e dinámicas presentes nas obras, empregando un vocabulario preciso nas súas descrições e valoracións e argumentos coherentes.	Distingue tipos de voces e instrumentos, e identifica e describe o grao de variación agónica e dinámica presente nas obras, empregando un vocabulario aproximado e argumentos convincentes.	Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contraste de dinámicas e agónicas tras a escoita de obras musicais, e emite unha valoración das mesmas.	Distingue algunhas voces e instrumentos, aprecia a existencia de variacións dinámicas e agónicas tras a escoita de obras musicais, sen emitir valoracións coherentes das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. 	Interésase por descubrir obras musicais de diferentes xéneros e estilos, mostra criterios de procura, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, procura obras variadas, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas para as creacións propias.	Mostra curiosidade por descubrir obras musicais de diferentes características.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, e asume un rol activo na súa extensión.	Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, e cuida de trasladalas a outras persoas.	Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Coñece as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e 	Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais e traslada estes principios ao seu entorno.	Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais, e adopta	Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais.	Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais.	Comprende o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais.



	copia de obras musicais.		unha posición ao respecto.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. 	Identifica visual e auditivamente, e clasifica, os instrumentos, rexistros da voz e agrupacións tratados, sitúaos no seu contexto e atopa similitudes e diferenzas entre eles.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos, voces e agrupacións tratados e os clasifica basicamente.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos, voces e agrupacións tratados.	Recoñece visual e auditivo os instrumentos, voces e agrupacións, pero non é capaz de nomealos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. 	Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando.	Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión.	Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente.	Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC



asume a dirección.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. 	Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e movementos melódicos nos motivos traballados.	Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e intervalos consonantes.	Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compases simples.	Transcribe figuras e esquemas sen sínkopas nos compases coñecidos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento. 	<p>Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global.</p> <p>Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música.</p>	<p>Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución.</p> <p>Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada.</p>	<p>Interpreta o seu papel na interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo.</p> <p>Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados.</p>	<p>Participa con interese na interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto.</p> <p>Canta con letra nunha afinación aproximada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. 	<p>Interpreta pezas asumindo o rol que lle corresponda, sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección.</p>	<p>Interpreta pezas asumindo o rol que lle corresponda, sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección.</p>	<p>Interpreta á súa parte nas pezas e sinala os erros cometidos de xeito aproximado.</p>	<p>Interpreta con erros a súa parte nas pezas, aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6 Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo. 	<p>Segue as execucións e valora as opinións dos demais membros do grupo, sendo quen de sinalar pros e contras nelas.</p>	<p>Segue as execucións, atende ás achegas do resto do grupo, amosando unha actitude de respecto.</p>	<p>Segue as execucións e atende por igual a todos os membros do grupo.</p>	<p>Escoita as execucións dos demais membros do grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, reconece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. 	<p>Analiza as interpretacións feitas, sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección.</p>	<p>Analiza as interpretacións feitas, sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección.</p>	<p>Analiza as interpretacións feitas e sinala os erros cometidos de xeito aproximado.</p>	<p>Aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

5. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

Participación das familias	Divulgación social da tarefa	Colaboración de recursos externos e comunidade escolar
<p>Resposta ás cuestións que poidan xurdir ao respecto das tarefas agrícolas, San Xoán e os cantos e lumes, os cantos de labor e foliadas, romarías, etc. Tratados na unidade.</p> <p>Control familiar nas procuras guiadas pola rede.</p> <p>Axuda cos traballos de investigación.</p>	<p>Gravación en audio, vídeo ou soporte informático das interpretacións das obras traballadas; subida ao <i>blog</i> da clase, web do centro ou en arquivo individualizado para o alumnado.</p> <p>Subida ao <i>blog</i> dos traballos de investigación.</p> <p>Exposición no proxecto final.</p>	<p>Simultaneidade da unidade coas áreas implicadas.</p>

